

**Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa para a dixitalización do arquivo das lexislaturas V á VIII do Parlamento de Galicia**

Rematado o prazo para a presentación de documentación referente a esta contratación administrativa recibíronse as ofertas das seguintes empresas:

- Severiano Servicio Móvil S.A.
- Telefónica S.A.U.

Analizada a documentación do sobre B, referente a criterios non avaliábeis matematicamente, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo, as ofertas que cómpre analizar para a súa posterior avaliación.

A base decimoquinta do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

**I.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: ata 49 puntos.**  
Valor técnico da oferta: avaliarase fluxos do traballo, control da calidade de dixitalización, planificación e coordinación do proxecto, prazo de execución

De seguido recóllense as características máis salientables ofertadas por cada unha das empresas concorrentes á licitación.

	Severiano Servicio Móvil	Telefónica
Fluxos de traballo	Defínense claramente as fases: manipulación documentación, captura con escáner, incorporación metadatos, revisión e control de calidade, entrega de documentación, retorno de documentación.	Defínense: Procedementos, ordenación e preparación, captura de documentación, identificación, OCR, entrega de imaxes, control de calidade, control de incidencias
Control de calidade de dixitalización	Revisión de cada unha das páxinas de cada arquivo. Arquivos en formato PDF/A con sinatura de Servicio Móvil. Defínese o procedemento de control de calidade en detalle	Control de calidade arquivo a arquivo. Arquivo TIFF asinado dixitalmente e arquivo PDF/A. Por cada arquivo e lote: en formato txt, xls ou dat información relativa a id's de documentos, índices, datos, metadatos, nº de páxinas, imaxes, tamaño, data de captura, etc.

		3 controis de calidade de imaxe e 4 controis de calidade de indexación. Software de verificación de firma digital
Planificación e coordinación do proxecto	Establécese o equipo de traballo, coas tarefas que realiza cada un dos membros. Defínese o material a empregar para a dixitalización	Establécese o equipo de traballo, coas tarefas que realiza cada un dos membros. Defínese o material a empregar para a dixitalización. Establécense hitos mensuais de entrega de documentación.
Prazo de execución	6 meses. 72 horas de tempo máximo de resolución de problemas	5 meses

En base a esta información establécense as seguintes puntuacións para cada un dos apartados anteriores:

	Severiano Móvil	Servicio Telefónica	PUNTUACIÓN MÁXIMA APARTADO
Fluxos de traballo	8 puntos	8 puntos	10 puntos
Control de calidade de dixitalización	11 puntos	14 puntos	14 puntos
Planificación e coordinación do proxecto	10 puntos	10 puntos	12 puntos
Prazo de execución	11 puntos	13 puntos	13 puntos
<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>	<b>40 puntos</b>	<b>45 puntos</b>	<b>49 puntos</b>

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2014

Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información

Pedro Vila López

